

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ORDE do 4 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2016-2017, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, atribúelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais para Galicia, establece, no seu artigo 58, que as competencias en materia de servizos sociais se corresponderán á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e ás corporacións locais de Galicia, así como, se é o caso, ás demais entidades públicas previstas no Estatuto de autonomía de Galicia ou establecidas nesta lei. Así mesmo, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no seu artigo 5, establece que as actuacións que se desenvolvan desde as administracións públicas para a aplicación das medidas establecidas nesta lei se rexerán tamén polo principio de responsabilidade pública e solidariedade social, polo que os poderes públicos galegos desenvolverán as medidas reguladas nesta lei mediante a rede pública de servizos sociais e de emprego, sen prexuízo do fomento da participación e da colaboración complementaria das entidades de iniciativa social tanto na aplicación de recursos contra a exclusión como na mellora continua do sistema.

A Consellería de Política Social, segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, é o órgano que ten asumidas as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de inclusión social e as relativas á poboación inmigrante que lle corresponden á Xunta de Galicia.

A Unión Europea asume como prioridade converterse nunha economía intelixente, sustentable e inclusiva que desfrute de altos niveis de emprego, de produtividade e de cohesión social.

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcsmm79



Para lograr a converxencia con España e a Unión Europea, Galicia deberá aumentar a súa taxa de emprego, mellorando as condicións de empregabilidade e propoñendo oportunidades de integración social e laboral, especialmente entre aqueles grupos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión.

Nesta liña, aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos, son os principais obxectivos do presente período 2014-2020.

Este enfoque da inclusión social activa, recollido na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020, está consolidado como unha das prioridades da Unión Europea e dos Estados membros e é prioritario para os fondos estruturais. Neste sentido, o Regulamento UE 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no seu artigo 3, establece que o FSE apoiará, como prioridade de investimento, en relación co obxectivo temático «promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación», a inclusión social activa, con vistas a promover a igualdade de oportunidades, a participación activa e a mellora da posibilidade de atopar un emprego.

Así mesmo, a presente orde reguladora recolle tamén outra das prioridades establecidas na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020 e inclúe axudas dirixidas ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social regulados na Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social coa finalidade de reformar e/ou adaptar os ditos equipamentos ás necesidades das persoas usuarias, ofrecéndolles servizos que redunden nunha mellora en calidade da atención dispensada.

Con base en todo o exposto, a Consellería de Política Social, en virtude das súas competencias en materia de inclusión social, considera de especial interese a posta en marcha de medidas dirixidas a compensar as dificultades que presentan determinados colectivos e impulsa o desenvolvemento de actuacións como as que son obxecto da presente orde.

Así, por un lado, establece unha liña de axudas destinada á construción, reforma, adaptación e equipamento de centros de inclusión e emerxencia social, os cales constitúen, en moitos casos, un primeiro nivel de atención que brinda ás persoas usuarias o acceso ao resto dos recursos dispoñibles. Esta tipoloxía de axudas será financiada con fondos Feder do Programa operativo de Galicia 2014-2020, con encaixe no obxectivo temático 9, prioridade de investimento 9.7, obxectivo específico 9.7.1, en atención ao principio de com-

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcfsmm79



plementariedade de fondos reiteradamente recomendado pola Unión Europea no emprego dos fondos estruturais.

Por outro lado, a presente orde reguladora pretende impulsar programas baseados principalmente na atención a persoas que atravesan por procesos de debilitamento dos seus vínculos persoais e/ou sociais e que precisan dun acompañamento técnico que facilite e/ou posibilibite a súa inserción social e laboral. Dentro deste contexto, os perceptores de rendas mínimas, persoas pertencentes a colectivos con dificultades de integración social como a comunidade xitana e os inmigrantes, entre outros, considéranse grupos vulnerables e, polo tanto, susceptibles de seren destinatarios de accións que os acompañen no seu proceso de cambio. Esta tipoloxía de programas será financiada con fondos FSE no Programa operativo de Galicia 2014-2020, con encaixe no obxectivo temático 9: promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación, prioridade de investimento 9.1: a inclusión activa, tamén con vistas a promover a igualdade de oportunidades, así como a participación activa e a mellora da posibilidade de encontrar un emprego, obxectivo específico 9.1.1: mellorar a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social, a través da activación e de itinerarios integrados e personalizados de inserción.

Polo que respecta aos programas, a inclusión nunha mesma base reguladora de diferentes colectivos de alta vulnerabilidade exige que a ferramenta administrativa coa cal se pretendan atender aprecie as súas características comúns e incida nas súas problemas singulares.

Coincidindo en que a atención ás persoas baixo un principio corrector ou de reforzo, por persoal técnico cualificado, é a base dunha correcta inserción social, defínese como unidade de atención, para os efectos da presente orde, a intervención social entendida como a realización dun itinerario de inclusión sociolaboral a persoas e/ou familias de elevada vulnerabilidade á exclusión social e laboral. No presente marco normativo, o itinerario de inclusión social entenderase como aquela ferramenta técnica desenvolvida por persoal técnico cualificado no cal este é o responsable de deseñar e conducir, a través do seu acompañamento activo, á realización de accións dirixidas á adquisición e desenvolvemento das habilidades sociais e/ou culturais e hábitos prelaborais dos participantes nas accións coa finalidade última de dinamizar as súas capacidades e recursos persoais, sociais e laborais e procurar a súa inclusión social.

Non obstante o anterior, a unidade de intervención así definida descoida aspectos que singularmente afectan en maior grao algúns colectivos, polo que se fai necesario introducir accións complementarias a aquel que traten de compensar eses factores de vulnerabili-

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcfmm79



dade asociados. Estas accións complementarias, en función do problema que se atenda, adoptarán formas diversas con diferente intensidade de dedicación técnica.

Así, a intervención social, no caso das persoas inmigrantes, exixirá a posta en marcha de medidas dirixidas a compensar os aspectos que dificultan ou obstaculizan a súa participación en condicións de igualdade no mercado de traballo e, ademais tamén, na nosa sociedade; algunhas destas medidas son compartidas con outros colectivos en risco de exclusión e outras, aínda que non son exclusivas, si son específicas como aquelas deseñadas para informar, asesorar e apoiar na realización dos trámites precisos nas autorizacións e renovacións de permisos de residencia, homologación de títulos, reagrupamentos familiares, nacionalidade e demais cuestións relacionadas coa normativa española en materia de estranxeiría.

Calquera factor de vulnerabilidade asociado implica intervencións puntuais de diversa índole, como actuacións dirixidas á adquisición de habilidades residenciais e convivencia, habilidades educativas dirixidas a favorecer desde o ámbito sociofamiliar a normalización social e no sistema educativo dos menores a cargo, adquisición de pautas hixiénico-sanitarias, adquisición de competencias lingüísticas e mediación intercultural, actuacións estas últimas que resultan fundamentais no proceso de integración das persoas inmigrantes na nosa sociedade. Todas estas actuacións terán diferente contido e intensidade, aspectos que deberán referenciarse.

Así, defínense como unidade complementaria de intervención as actuacións de carácter residencial das persoas e familias incorporadas aos procesos de realoxamento e erradicación do chabolismo ou con carencias básicas no fogar. Para os efectos da presente orde, estas accións deben entenderse como aquela intervención educativa dirixida a mellorar as condicións residenciais das persoas e/ou familias de elevada vulnerabilidade á exclusión social e laboral, tanto nos procesos de realoxamento por erradicación do chabolismo como noutros relacionados coas condicións de habitabilidade propias da vivenda en relación cos seus ocupantes (infravivenda), como o acompañamento dirixido á convivencia posterior nunha vivenda normalizada.

Por outra parte, unha intervención pública de fomento como a presente orde de axudas non pode obviar o crecente problema da pobreza infantil como axente de cronificación da pobreza, en consonancia coa Recomendación da Comisión Europea «Investir na infancia: romper o ciclo das desvantaxes», polo que debe impulsar decididamente programas que inclúan medidas dirixidas a mitigar ese perverso efecto. Por iso, a presente orde establece como unidade complementaria de intervención as accións de carácter educativo e apoio

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcfsmm79



familiar e defíneas como aquelas enfocadas a favorecer desde o ámbito sociofamiliar a plena normalización dos menores ao seu cargo.

Hai que destacar tamén as unidades complementarias de carácter hixiénico-sanitario dirixidas á adquisición de pautas normalizadas de atención aos problemas derivados da súa carencia, as cales, como as outras anteriores, deberán referenciarse á súa intensidade e contido.

Por último, hai que destacar como unidade complementaria a mediación intercultural dirixida á solución ou prevención de conflitos culturais en diversos ámbitos, a través da interpretación e explicación de patróns socioculturais, e a eliminación de prexuízos e estereotipos que dificultan a plena integración social.

En coherencia co anterior e desde o punto de vista de eficacia administrativa, defínese como criterio de repartición económica do crédito para os programas aquí definidos un sistema de módulos en que se reflicten os prezos para cada unha das intervencións sociais que se vaian realizar tomando como referencia básica a atención ás persoas.

Esta orde de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo, en todo caso, aos principios básicos de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Así mesmo, enmárcase nos programas operativos Feder e FSE Galicia para o período 2014-2020 e dáse debido cumprimento á normativa aplicable, de conformidade co disposto no artigo 125.3.e) do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o no Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello; no Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello e no Regulamento (UE) núm. 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1080/2006.

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcfsmm79



Segundo o establecido no artigo 14 do Regulamento (UE) núm.1304/2013, as subvencións e a asistencia reembolsable que se beneficien dunha axuda pública non superior a 50.000 euros adoptarán a forma de baremos estándar de custos unitarios, de importes a tanto global ou de financiamento a tipo fixo. Por este motivo, incorpórase nesta convocatoria o establecemento de métodos de custo simplificados.

A pesar de que o importe máximo das subvencións con cargo á presente orde supera a dita cifra, moitas das axudas unitariamente acadan, de maneira habitual, importes inferiores, polo que se incorporará nesta convocatoria o establecemento de métodos de custo simplificados, que abrangue non só aqueles que teñan un importe inferior á dita cifra senón tamén aqueloutros que a superan.

Estas axudas están financiadas polo Fondo Social Europeo e polo Feder 2014-2020 nun 80 %, e pola Comunidade Autónoma de Galicia, amais da contribución económica da Administración do Estado, a través do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, no caso dos programas especificamente dirixidos á comunidade xitana.

Por outro lado, as axudas ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social xustificaranse a través da conta xustificativa do gasto realizado.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, polo Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e polo Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento de subvencións ás corporacións locais en réxime de concorrencia competitiva dirixidas á construción, reforma, adaptación e equipamento de centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas, así como ao desenvolvemento de programas polos servizos sociais de titularidade municipal que teñan por finalidade á inclusión sociolaboral de colectivos de elevada vulnerabilidade a exclusión social e laboral.

2. Para os efectos da presente orde, terán a consideración de colectivos de elevada vulnerabilidade aqueles que cumpran o establecido no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de



novembro, de inclusión social de Galicia, e particularmente persoas pertencentes a colectivos con dificultades de integración social como a comunidade xitana e a poboación inmigrante residente en Galicia cando se trate de participantes nos programas descritos nos artigos 6 e 7.

Artigo 2. Financiamento

1. Na concesión das subvencións reguladas nesta orde destínase os importes sinalados a continuación para os anos 2016 e 2017

Aplicación	Importe 2016	Importe 2017	Importe total
12.03.313C.760.0	436.499,00	145.500,00	581.999,00
12.03.313C.460.1	654.829,00	218.276,00	873.105,00
12.03.312C.460.0	739.234,00	246.411,00	985.645,00
12.03.313C.460.2	2.019.432,00	673.144,00	2.692.576,00
Total	3.849.994,00	1.283.331,00	5.133.325,00

A partida 12.03.313C.760.0 destinarase ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social e estará cofinanciada ao 80 % con fondos Feder do Programa operativo de Galicia 2014-2020, con encaixe no obxectivo temático 9, prioridade de investimento 9.7, obxectivo específico 9.7.1, e as partidas restantes están cofinanciadas ao 80 % con fondos FSE no Programa operativo de Galicia 2014-2020, con encaixe no obxectivo temático 9, prioridade de investimento 9.1, obxectivo específico 9.1.1, coa seguinte distribución por programas:

Programas dirixidos á inclusión social da comunidade xitana: 930.000 euros.

2016	2017	Total
700.000	230.000	930.000

Programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante: 985.645 euros.

2016	2017	Total
739.234	246.411	985.645

Programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social: 1.302.348 euros.

2016	2017	Total
974.261	328.087	1.302.348



Programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos á inclusión social dos menores a cargo: 1.333.333 euros.

2016	2017	Total
1.000.000	333.333	1.333.333

2. As contías citadas no presente artigo poderán incrementarse de acordo coas disponibilidades orzamentarias e sempre que o incremento derive dos supostos contidos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A este respecto, poderá incrementarse crédito procedente do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade nos programas dirixidos á inclusión social da comunidade xitana.

3. Polo que respecta aos programas, de non esgotarse todo o crédito destinado a unha tipoloxía de subvención poderá ser utilizado no resto das tipoloxías, sempre que se respecten os principios de elixibilidade que establezan os fondos financiadores das ditas axudas.

Artigo 3. *Entidades solicitantes*

1. Poderán solicitar as subvencións que se regulan nesta orde as corporacións locais de ámbito municipal galegas que desexen implantar ou desenvolver algunha das actuacións mencionadas no artigo 1.

2. Enténdense incluídas no punto anterior as mancomunidades de concellos e agrupacións de concellos baixo calquera fórmula, incluída a de fusión municipal.

Non obstante o anterior e en relación con aquelas solicitudes presentadas por calquera forma de agrupación de concellos, quedarán expresamente excluídas aquelas solicitudes en que non se acredite a realización conxunta do programa. Para estes efectos, considerase que non queda suficientemente acreditado este aspecto cando os usuarios participantes do programa estean empadroados nun único concello dos integrantes da dita agrupación ou o servizo a estes non se preste a través dun único dispositivo. Esta última característica non será aplicable no caso de programas de natureza inequívoca e exclusivamente formativa.

En todo caso, a solicitude conxunta de subvención para o desenvolvemento dun servizo ou programa exclúe a posibilidade de solicitude individual para o mesmo programa.

3. En calquera caso, as corporacións locais solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.



b) Aquelas corporacións locais solicitantes dun programa en favor da poboación inmigrante deberán acreditar a emisión de informes de arraigo social e vivenda adecuada, que a Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social e o Real Decreto 557/2011, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, establece no ámbito da Comunidade Autónoma galega, así como unha porcentaxe mínima de poboación inmigrante empadroada segundo as seguintes regras:

Concellos: superar o 2,5 % de poboación procedente de países extracomunitarios calculado sobre a poboación total do concello e ter empadroadas no concello máis de 100 persoas inmigrantes extracomunitarias. No caso de non acadar esta porcentaxe, ter un mínimo de 1.000 persoas estranxeiras inmigrantes empadroadas no concello.

Consortios locais, mancomunidades e agrupacións de concellos: superar o 2 % de poboación procedente de países extracomunitarios o 50 % dos concellos que integran a entidade supralocal e ter de media 400 persoas inmigrantes extracomunitarias.

O cálculo da poboación inmigrante farase tendo en conta a poboación total e a poboación inmigrante extracomunitaria empadroada no ano anterior ao da correspondente resolución de convocatoria.

Os solicitantes deberán manter os requisitos exixidos durante todo o exercicio económico para o cal se concede a subvención, agás a porcentaxe de poboación sobre a poboación total empadroada.

c) As corporacións locais solicitantes dun programa da tipoloxía recollida no artigo 4.2.c) dirixido á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social, non poderán dispoñer para o seu termo municipal doutros dispositivos de natureza pública distintos dos propios dirixidos ao desenvolvemento dun programa cuxo contido sexa o deseño e a realización de itinerarios personalizados de inclusión social dirixidos a persoas en situación ou risco de exclusión social.

d) As corporacións locais solicitantes dun programa dirixido á inclusión social da comunidade xitana terán que acreditar a necesidade social do programa, a cal será valorada no criterio de selección correspondente.



Artigo 4. *Tipoloxía das subvencións*

1. Subvencións ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas. Estas poderán adoptar dúas modalidades:

a) Construción, ampliación, reforma, mellora e adaptación de elementos de carácter estrutural que melloren substancialmente a calidade do servizo que se vai prestar.

b) A adquisición e instalación de equipamento e moblaxe, así como a adquisición de vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro, excluídos expresamente os vehículos turismos.

2. Programas dirixidos á inclusión sociolaboral de colectivos de elevada vulnerabilidade á exclusión social e laboral, programas que poden adoptar as seguintes tipoloxías:

a) Programas dirixidos á inclusión social da poboación xitana.

b) Programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante.

c) Programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social.

d) Programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos á inclusión social dos menores a cargo.

Cada tipoloxía de programa será solicitada no seu correspondente anexo (do III ao VIII), en que se sinalarán a intervención social que se realizará e as súas accións complementarias, nas cales se especificará a natureza destas e demais datos relevantes para a resolución que lle sexan exixidos.

Artigo 5. *Disposicións comúns aos programas dirixidos á inclusión sociolaboral de colectivos de elevada vulnerabilidade á exclusión social e laboral*

1. Establécense como elemento destinatario obxecto de atención as persoas, agás que a intervención social vincule varias persoas da mesma familia. No caso de referirse a familias e para os efectos da presente orde, serán aquelas compostas por membros que, compartindo o mesmo marco físico de residencia, estean vinculados por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción, acollemento ou por parentesco de consanguinidade ou de afinidade ata o cuarto grao.



2. Para os efectos da presente orde defínense as seguintes intervencións como diferentes unidades de atención:

a) A atención e intervención social, que tamén terá a consideración de método, será realizada a través de itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral, con persoas de elevada vulnerabilidade á exclusión social e laboral, e constitúe a unidade básica de atención.

O itinerario de inclusión sociolaboral defínese, para os efectos da presente orde, como aquela ferramenta técnica desenvolvida por persoal cualificado no cal este é o responsable de deseñar e conducir, a través do seu acompañamento activo, á realización de accións dirixidas á adquisición e desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos prelaborais dos participantes nas accións, coa finalidade última de dinamizar as súas capacidades e recursos persoais, sociais e laborais e procurar a súa autonomía.

Considerarase que cumpre a condición de itinerario subvencionable con cargo á presente orde cando se desenvolvan polo menos seis das actuacións seguintes: valoración social individual, deseño dun itinerario, revisión dos obxectivos ou actuacións, medidas de acompañamento, orientación social e laboral, seguimento do itinerario sociolaboral, seguimento da escolarización dos menores, seguimento das medidas de acondicionamento das vivendas e convivencia en vivenda normalizada, seguimento de pautas hixiénico-sanitarias, información sobre procesos orientados ao realoxamento, mellora de habilidades sociais básicas, técnicas de busca de emprego, sempre que, dentro desas seis actuacións inclúan, polo menos, a valoración social individual, o deseño e/ou revisión dos obxectivos ou actuacións e a realización de accións dirixidas á mellora das habilidades sociais básicas.

Todas estas condicións terán que cumprilas, polo menos, o 60 % das persoas atendidas e complementarase con aquelas que, aínda que non realizadas en presenza do participante, sexan necesarias para a consecución dos seus obxectivos, tales como prospección do mercado laboral e/ou intermediación laboral activa e/ou coordinación con dispositivos implicados no proceso de inclusión pertencentes ao Sistema público de protección social.

b) Accións de asesoramento legal nas materias propias de estranxeiría, que se entenderá como unha unidade complementaria da intervención social e consistirá na información, asesoramento e apoio nos trámites precisos para as autorizacións e renovacións de residencia, homologación de títulos, reagrupamentos familiares, nacionalidade e demais cuestións relacionadas coa normativa española en materia de estranxeiría.

c) Accións de adquisición e mellora das competencias sociais e profesionais, deseñadas para adquirir unha formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás necesidades das persoas en situación de exclusión social.

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcsmm79



d) Accións de alfabetización e mellora de competencias nas linguas da sociedade de acollida.

e) Accións de carácter residencial dirixidas a persoas e/ou familias incorporadas a procesos de realoxamento e erradicación do chabolismo ou con carencias básicas no fogar: constitúe unha unidade complementaria á intervención social e consiste nunha intervención educativa dirixida a mellorar as condicións residenciais das persoas e/ou familias de elevada vulnerabilidade á exclusión social e laboral, vinculado tanto a procesos de realoxamento por erradicación do chabolismo como a calquera tipo de intervención dirixida á mellora das condicións de habitabilidade propias da vivenda en relación cos seus ocupantes (infravivenda).

f) Accións de carácter educativo a persoas e/ou familias de elevada vulnerabilidade á exclusión social e laboral: constitúese como unidade complementaria da intervención social e serán aquelas accións enfocadas a favorecer, desde o ámbito sociofamiliar, a plena normalización dos/as menores desas familias.

g) Accións dirixidas á adquisición de pautas hixiénico-sanitarias: entenderanse como aquelas unidades complementarias dirixidas á adquisición de hábitos normalizados coa finalidade de atender e/ou previr os problemas derivados da súa carencia.

h) Accións de mediación intercultural: entenderase como unidade complementaria da intervención social e serán aquelas dirixidas a facilitar a comunicación e a convivencia entre persoas procedentes de diferentes culturas; esta mediación levarase a cabo en distintos ámbitos, especialmente en sanidade, educación e vivenda, a través de accións de acompañamento presencial ou de sensibilización directa na contorna social próxima das persoas con que se levan a cabo as accións de mediación, que teñan por finalidade o respecto e o fomento de actitudes de tolerancia coa diversidade cultural. As accións de sensibilización non poderán representar máis dun 7 % do importe da axuda concedida para esta actuación.

3. As accións relativas ás unidades de intervención sinaladas no anterior punto 2, alíneas b), c), d), e), f), g) e h), adoptarán as seguintes metodoloxías:

a) Método formativo: consideraranse baixo esta epígrafe aquelas accións presenciais, que teñan unha duración mínima de 10 horas cun contido formativo concreto, cun horario común de impartición e que se realicen de forma grupal a un número non superior de 20 participantes aos cales se lles teña deseñada unha intervención social.

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcsmm79



Excepcionalmente, poderanse considerar accións dunha duración inferior á establecida por razón do seu contido, circunstancia que deberá xustificarse axeitadamente na solicitude. Poderán adoptar diferente contido en función das necesidades detectadas e versarán sobre contidos das unidades definidas como complementarias.

Terán a consideración de accións formativas a realización de cursos formativo-laborais dirixidos á aprendizaxe dunha profesión ou oficio, tanto teóricos como prácticos, incluíndo as que teñan a finalidade de adquirir as competencias clave, así como aquelas que, sendo desa natureza, se definan como unidades complementarias da intervención social.

Estas accións formativas unicamente serán subvencionables se son realizadas directamente pola corporación local beneficiaria, tanto a través de medios propios ou alleos. As accións formativas poderán deseñarse agrupando destinatarios incluídos en varias tipoloxías de programas, para isto a corporación local solicitante debe expresar claramente este aspecto na solicitude. No caso de que a dita actuación formativa sexa concedida, os participantes implicados non poderán ser incluídos na mesma acción formativa dentro doutra tipoloxía de programas.

b) Método de mediación e/ou educación: consideraranse baixo esta epígrafe aquelas accións realizadas en presenza do/s beneficiario/s, de contido integrador ou educacional que versen sobre problemas dos beneficiarios ou outros aspectos que afecten a súa integración. Poderán adoptar diferente contido en función das necesidades detectadas e versarán sobre contidos das intervencións definidas como complementarias.

En calquera caso, corresponderalle á comisión de valoración a cualificación das accións formuladas polo solicitante con base nos criterios establecidos neste artigo.

Artigo 6. *Programas dirixidos a inclusión social da comunidade xitana*

1. Presentarase a través do anexo III.

2. De acordo cos obxectivos establecidos pola Consellería de Política Social no ámbito da inclusión social da comunidade xitana, e tendo en conta as directrices marcadas pola Unión Europea no marco de apoio ás políticas destinadas á mellora do emprego e da promoción da inclusión social, esta orde subvencionará programas dirixidos á inclusión da comunidade xitana, que incluírán as seguintes actuacións comprendidas nas seguintes áreas:

a) Área de inclusión e emprego: deseño e posta en marcha de proxectos individualizados de intervención social realizados a través de itinerarios de inclusión sociolaboral enfo-



cados a mellorar a empregabilidade e a inserción laboral da poboación xitana da seguinte tipoloxía:

1º. Atención e intervención social realizada a través de itinerarios de inclusión sociolaboral personalizados.

2º. Accións formativas dirixidas ao desempeño dun posto de traballo, tendo en consideración, de ser o caso, o emprego de metodoloxías adaptadas e con horarios flexibles que permitan a conciliación.

3º. Accións formativas de alfabetización dixital.

4º. Accións formativas no contorno laboral, tales como prácticas en empresas.

5º. Accións formativas dirixida á obtención de títulos e certificados de profesionalidade, preparación de exames de competencias clave e obtención doutros títulos académicos.

6º. Accións formativas dirixidas á creación de emprego autónomo e asesoramento para o cumprimento dos requisitos legais e/ou fiscais, con especial atención á venda ambulante e recollida de residuos sólidos.

7º. Accións formativas dirixidas á adquisición e desenvolvemento de habilidades sociais e hábitos prelaborais.

8º. Accións formativas teóricas adaptadas para a adquisición do permiso de condución, incluídas a educación viaria e os primeiros auxilios.

9º. Accións formativas dirixidas á obtención dos requisitos mínimos para o exercicio dunha profesión ou oficio.

A execución dos itinerarios, mencionados no punto 1º, polos participantes implicará necesariamente a súa asistencia a actividades formativo-laborais das enumeradas nos puntos 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, 8º, 9º ou similares, os cales poderán ser realizados ben directamente pola corporación local beneficiaria ben por outros dispositivos existentes no mercado. Neste último caso, a corporación local beneficiaria poderá subcontratar a dita formación ou ben dirixir os participantes a outros recursos existentes cos cales non teña vinculación contractual. Tanto neste último caso como se a acción é obxecto de contratación deberá recadar a información precisa sobre a asistencia e aproveitamento da formación recibida, segundo se estableza no modelo normalizado.

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcfmm79



b) Área de vivenda: deseño e posta en marcha de accións de carácter residencial enfocadas a facilitar os procesos de erradicación do chabolismo e o acceso á vivenda normalizada, da seguinte tipoloxía de accións:

1º. Accións formativas, de mediación intercultural e/ou educación e apoio familiar para a convivencia das persoas e familias incorporadas aos procesos de realoxamento ou residentes en vivendas que non reúnen condicións de habitabilidade.

2º. Accións formativas, de mediación intercultural e/ou educación e apoio familiar para o mantemento e coidado da vivenda cara á convivencia das persoas e familias que xa residen nunha vivenda normalizada.

3º. Accións formativas dirixidas á incorporación das familias xitanas na bolsa de alugamento.

c) Área de normalización educativa: deseño de accións de carácter educacional enfocadas a favorecer desde o ámbito sociofamiliar a plena normalización no sistema educativo do alumnado xitano coa seguinte tipoloxía de accións:

1º. Accións formativas, de mediación intercultural e/ou educación e apoio familiar para reducir o absentismo escolar dos/as menores e aumentar a participación das familias na escola.

2º. Accións formativas, de mediación intercultural e/ou educación e apoio familiar para o reforzo, orientación e apoio ao alumnado xitano e, dun xeito especial ás alumnas, para evitar o abandono prematuro da etapa de escolarización obrigatoria.

3º. Accións formativas, de mediación intercultural e/ou educación e apoio familiar para as persoas e familias para a transición entre a educación primaria e a secundaria.

4º. Accións formativas, de mediación intercultural e/ou educación e apoio familiar para a creación de espazos de compensación socioeducativa extraescolar e no medio aberto.

5º. Accións formativas de realización de cursos de alfabetización dirixidos a reducir o analfabetismo da poboación maior de 16 anos.

d) Área de saúde: deseño e posta en marcha de accións enfocadas á promoción integral da saúde da seguinte tipoloxía de accións:

1º. Accións formativas, de mediación intercultural e/ou educación e apoio familiar para persoas e familias de sensibilización sobre problemas sociosanitarios.



2º. Accións formativas, de mediación intercultural e/ou educación e apoio familiar para persoas e familias que supoñan protocolos específicos de educación para a saúde.

3º. Accións formativas, de mediación intercultural e/ou educación e apoio familiar para a promoción integral da saúde que inclúa accións de fomento da saúde reprodutiva nas mulleres xitanas, controis médicos e pediátricos e adquisición de hábitos dirixidos á prevención da saúde.

Considerarase requisito indispensable para a concesión da subvención que a totalidade dos participantes teña deseñada unha intervención social realizada a través de itinerarios de inclusión sociolaboral personalizados, independentemente de que sexan ou non considerados financiados con cargo á presente orde de convocatoria.

Artigo 7. *Programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante*

1. De acordo cos obxectivos establecidos pola Consellería de Política Social no ámbito da inclusión social da poboación inmigrante, incluíranse as seguintes accións:

a) Intervención social realizada a través de itinerarios de inclusión sociolaboral personalizados.

b) Accións de alfabetización e mellora de competencias nas linguas da sociedade de acollida.

c) Accións de reforzo educativo para o alumnado inmigrante en Galicia.

d) Accións formativas previstas na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, dirixidas a acreditar o esforzo de integración.

e) Accións formativas de preparación das probas para a adquisición da nacionalidade española.

f) Accións formativas para o desempeño dun posto de traballo, tendo en consideración, de ser o caso, o emprego de metodoloxías adaptadas e con horarios flexibles que permitan a conciliación.

g) Accións formativas de alfabetización dixital.

h) Accións formativas no contorno laboral, tales como prácticas en empresas.



i) Accións formativas para a adquisición de competencias clave.

j) Accións formativas dirixidas á obtención de títulos e certificados de profesionalidade.

k) Accións formativas para a creación de emprego autónomo.

l) Accións formativas teóricas adaptadas para a adquisición do permiso de condución. Todas estas accións presentaranse a través do anexo IV.

m) Asesoramento legal en materias propias de estranxeiría. Presentarase a través do anexo V.

n) Accións de mediación intercultural. Presentarase a través do anexo VI.

2. Serán persoas beneficiarias dos programas ou accións subvencionadas neste punto as persoas inmigrantes ou de orixe estranxeira que se atopen en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, de acordo co establecido nos artigos 3.1 e 3.3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro. Tamén participarán neste programa aquelas persoas refuxiadas que poidan chegar a Galicia.

3. As persoas participantes nestas actuacións deberán ter deseñada unha intervención social encamiñada a minimizar aqueles aspectos que dificultan a súa integración efectiva na sociedade, incluíndo neste concepto aquelas dificultades asociadas ao mantemento das situacións administrativas en que se atopan respecto da lexislación de estranxeiría e outras relacionadas coa existencia de prexuízos ou discriminación pola súa condición de persoas inmigrantes ou de orixe estranxeira.

Artigo 8. Programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social

1. Presentarase a través do anexo VII.

2. Considéranse programas dirixidos a inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social aquela intervención social individual que conteña actuacións dirixidas a facilitar a inserción sociolaboral dos participantes nas accións deseñadas nun itinerario de inclusión sociolaboral, a través de equipos de inclusión social específicos. Estes itinerarios incluírán as accións necesarias para o deseño, o acompañamento e a mellora de habilidades básicas, desenvolvemento persoal, técnicas de busca de emprego, etc.



3. A execución dos ditos itinerarios implicará necesariamente que os participantes asistan a actividades formativo-laborais, as cales poderán ser realizadas ben directamente pola corporación local beneficiaria ben por outros dispositivos existentes no mercado. Neste último caso, a corporación local beneficiaria poderá impartir a dita formación ou ben dirixir os participantes a outros recursos existentes cos cales non teña vinculación contractual. Tanto neste último caso como se a acción é obxecto de contratación deberá solicitar a información precisa sobre a asistencia e aproveitamento da formación recibida, segundo se estableza no modelo normalizado.

4. Así mesmo, poderanse incluír accións das áreas residencial, educacional, de adquisición de pautas hixiénico-sanitarias ou outras que se consideren necesarias sempre que favorezan a inclusión social, e poderán adoptar a metodoloxía de acción formativa ou de mediación e/ou educación, segundo a natureza e o contido da tarefa que se vaia desenvolver.

5. A realización dun itinerario de inclusión sociolaboral por parte dunha persoa participante con cargo un programa dos establecidos nesta orde de convocatoria considerárase incompatible coa realización deste a través doutra entidade ou doutro programa dos subvencionados mediante esta orde. Para estes efectos contarase coa información contida no ficheiro de protección de datos de carácter persoal «Xestión de servizos sociais» da Consellería de Política Social, a cal, como responsable del, facilitará a dita información a través da Subdirección Xeral de Inclusión e Integración Social da Dirección Xeral de Inclusión Social. Así mesmo, poderanse utilizar datos cedidos doutros ficheiros distintos do anterior.

Artigo 9. Programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos á inclusión social dos menores a cargo

1. Presentarase a través do anexo VIII.

2. Consideraranse programas de educación e apoio familiar aqueles que conteñan actuacións complementarias da intervención social individual expresamente incluídas no seu proxecto de inclusión, que teñen por obxecto promover a adquisición, por parte das familias, de competencias e habilidades para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas e aqueloutros obxectivos establecidos no artigo 19 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcsmm79



3. Será requisito imprescindible que a totalidade dos participantes teña na súa intervención social deseñada esta actuación, independentemente de que esa estea ou non financiada mediante a presente convocatoria.

Artigo 10. Gastos subvencionables para a subvención para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social

1. Será subvencionable o 80 % dos gastos totais necesarios para a realización do investimento que se correspondan de maneira indubitada coa operación cofinanciada, e deberán estar debidamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto na presente base reguladora, coas seguintes especificidades:

a) Será subvencionable a construción, ampliación, reforma e mellora dos centros. Tamén se subvencionará a adquisición de inmobles que garden unha relación directa coas actuacións anteriores co límite do 10 % do gasto total subvencionable da operación segundo o artigo 69.3 do Regulamento 1303/2013.

b) Será subvencionable a adquisición e instalación de equipamento e moblaxe, así como a adquisición de vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro, excluídos expresamente os vehículos turismos.

c) Considerarase subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable polo solicitante.

d) Unicamente, con respecto ás solicitudes para ampliación da superficie destinada para a atención das persoas usuarias, serán subvencionables as adquisicións de terreos e de bens inmobles en que exista unha relación directa entre a compra e os obxectivos da operación, ata o límite do 10 % do gasto total subvencionable da operación. Estes terreos deberán ser limítrofes, agás no caso de unidades funcionalmente vinculadas ao establecemento principal, as cales, non obstante, deberán estar próximas a este, de tal xeito que a súa utilización permita o desprazamento a pé das persoas usuarias.

e) En todo caso, o importe subvencionable non poderá superar o valor de mercado dos terreos e dos bens inmobles, aspecto que deberá acreditarse mediante certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

f) Así mesmo e unicamente con respecto á adquisición de equipamento necesario de adaptación funcional para prestación dos servizos, este poderá ser de segunda man, sem-

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcfmm79



pre que conste unha declaración de quen o vende sobre a orixe dos bens e sobre que estes non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria, e o prezo non sexa superior ao valor de mercado e ao custo dos bens novos similares; estes aspectos acreditaranse mediante certificación de taxación independente.

f) Adecuar a metodoloxía das actuacións, así como a de recollida e procesamento de datos de seguimento e acreditación da realización da actividade de persoas beneficiadas ás fórmulas que, se é o caso, propoña a Consellería de Política Social e, se así é requirido, incorporarse como usuarias da aplicación informática deseñada e implantada para a xestión da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020. Así mesmo, deberán realizar as actuacións precisas para recoller información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de execución e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao FSE. Para a acreditación deste aspecto a entidade deberá solicitar unha declaración das persoas participantes ou outra documentación análoga que lle permita responsabilizarse da súa declaración conxunta perante a Dirección Xeral de Inclusión Social. Esta mesma

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcfsmm79



obriga contraerose cos servizos sociais comunitarios de referencia da persoa participante, cando sexa solicitado para o seguimento da súa intervención social. Os indicadores de execución relativos á persoa solicitante refírense á data inmediatamente anterior ao inicio da vinculación do participante coas actuacións subvencionadas, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior a finalización da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación da correspondente subvención. Así mesmo, a Administración poderá requirir novos datos no prazo de seis meses desde que finalice a vinculación do participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento. Para estes efectos, seranlles facilitados os oportunos cuestionarios que terán que respectar o principio de integridade dos datos. Polo que respecta aos indicadores relativos ás axudas ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social, realizarase un recuento global da capacidade máxima de persoas para as que está deseñado o centro e no caso de adquisición de equipamento de uso social, farase unha estimación da poboación beneficiaria durante a súa vida útil.

g) As infraestruturas e equipamentos subvencionados deberán permanecer destinadas ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención por un período non inferior a cinco (5) anos, ou vinte (20) anos no caso de subvención para construción, ampliación, reforma e mellora de centros, tal como recollen o artigo 8.e) do Decreto 254/2011, do 23 de febreiro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia, o artigo 31.4.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. O incumprimento deste requisito dará lugar á revogación da subvención, co reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora legalmente establecidos desde o momento do pagamento da subvención.

h) Controlar a asistencia ás accións formativas e garantir que as persoas propostas para certificación acreditativa da realización dunha acción deste tipo teñan asistido como mínimo ao 60 % do total das súas horas.

i) Solicitar, de ser o caso, á Dirección Xeral de Inclusión Social a autorización das modificacións que afecten as actuacións subvencionadas cunha antelación de cinco días á data en que se produzan.

j) Remitir no prazo de dez días os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Política Social.

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcfsmm79



k) Someterse ás actuacións de comprobación, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo, e facilitar toda a información requirida pola Dirección Xeral de Inclusión Social, polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 72, 73 e 74 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

l) Dispoñer dun seguro para o alumnado ou participantes nas actuacións que cubra os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento das actividades como os dos desprazamentos para a asistencia a elas.

m) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

n) Todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento.

2. Os servizos da Consellería de Política Social poderán efectuar as comprobacións que consideren oportunas en canto ao cumprimento por parte das entidades de iniciativa social participantes dos requisitos exixidos pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, e pola súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, poderán solicitar informes dos servizos da rede pública de servizos sociais en canto aos aspectos de complementariedade, oportunidade e eficacia dos servizos e actuacións das entidades solicitantes recollidos nesta orde.

Artigo 26. Xustificación das subvencións para investimento de centros de inclusión e emerxencia social realizarase pola modalidade de conta xustificativa

1. A xustificación da subvención para investimento de centros de inclusión e emerxencia social realizarase pola modalidade de conta xustificativa.

2. As entidades beneficiarias deberán xustificar cada anualidade de xeito independente.

a) A xustificación correspondente a 2016 comprenderá as actuacións realizadas desde o momento en que se presente a solicitude ata o 30 de novembro de 2016 e presentarse con data límite do 5 de decembro de 2016, sempre que non se opoña ao que se estableza na orde da Consellería de Facenda que regule as operacións de cerramento do exerci-

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wncfesmm79



cio. A documentación que hai que presentar nesta primeira xustificación será a seguinte: solicitude de pagamento parcial; conta xustificativa do gasto realizado total ou parcial, da anualidade 2016 segundo o establecido na alínea b) deste artigo, e os anexos IX e X.

b) A xustificación final deberá presentarse con data límite do 30 de abril de 2017 e abranguerá as actividades realizadas entre o 1 de decembro de 2016 e o 31 de marzo de 2017. Excepcionalmente, aquelas subvencións de investimento á construción, ampliación, reforma, mellora e adaptación de elementos de carácter estrutural que melloren substancialmente a calidade do servizo que se vai prestar poderán prorrogar a súa execución ata o 30 de novembro de 2017, tendo como prazo máximo para presentar a xustificación o 4 de decembro de 2017.

A conta xustificativa do gasto realizado farase mediante certificación do órgano que teña atribuída na corporación local as correspondentes facultades de control, e unha relación clasificada dos gastos con identificación do acredor, concepto que permita identificar dun xeito inequívoco a subvencionabilidade do gasto de acordo coas normas aplicables, número de factura, nómina ou documento similar, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, e as sumas parciais (folla por folla) e totais da relación. A estes documentos xuntaranse facturas ou documento contable de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, con expresión do seu número, acredor, data de emisión, concepto e importe e data de pagamento. As facturas deberán cumprir o disposto no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En todo caso, tanto as facturas como calquera documento acreditativo que figure e se xunte na relación, deberán vir acompañados dos documentos acreditativos de ter realizado os pagamentos do correspondente gasto e deben cumprir os requisitos establecidos no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na normativa comunitaria. Amais do anterior, no caso de compravenda achegarse escritura onde constará que o inmovible obxecto da subvención se destinará, polo menos durante os vinte anos seguintes, á finalidade que serviu de fundamento á petición.

No caso de que se efectuasen gastos subcontratados en aplicación do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, deberanse achegar os seguintes documentos: proposicións económicas presentadas, informe ou documento equivalente en que se baseou a proposta de adxudicación e a adxudicación. Esta documentación poderá ser substituída unicamente polo documento de adxudicación definitiva cando, en aplicación do citado texto refundido, non sexa exixible outra documentación.

Ademais do anterior, debe xuntarse unha declaración responsable asinada pola persoa representante da corporación local na cal se indique que está ao día no cumprimento das

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcfmm79



súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma (anexo IX), a memoria económica xustificativa (anexo X) y la memoria da actuación das actividades realizadas segundo o guión establecido no anexo XII.

No caso de construción deberase achegar un certificado en que se estableza un recuento global da capacidade máxima de persoas para as que está deseñado o centro.

No caso de adquisición de equipamento de uso social deberase achegar un certificado en que constará unha estimación da poboación beneficiaria durante a súa vida útil.

Artigo 27. *Xustificación das subvencións para programas*

1. A xustificación da subvención para programas realizarase a través das modalidades de custos simplificados previstas nos artigos 67.1.b) e d) do Regulamento (UE) 1303/2013 e 14.2 do Regulamento (UE) 1304/2013, de xeito independente para cada unha das actuacións subvencionadas. Excepciónase a axuda de transporte para o desprazamento interurbano prevista no artigo 20.4.b) desta convocatoria, en que se reembolsará o custo real efectivamente incorrido e aboado, e que se xustificará a través da modalidade de conta xustificativa.

2. As entidades beneficiarias deberán xustificar cada anualidade de xeito independente.

a) A xustificación correspondente a 2016 comprenderá as actuacións realizadas desde o 1 de novembro de 2015 ata o 30 de novembro de 2016 e presentarse con data límite do 5 de decembro de 2016, sempre que non se opoña ao que se estableza na orde da Consellería de Facenda que regule as operacións de cerramento do exercicio, mediante a presentación dun informe de seguimento integrado polos seguintes documentos: solicitude de pagamento; documentación xustificativa dos módulos realizados total ou parcialmente na anualidade 2016, segundo o exposto no apartado seguinte; anexos IX e X, e cuestionario de indicadores de execución cuberto e asinado polos participantes para cada actuación.

b) A xustificación final, e coa finalidade de acreditar a realización total das accións así como o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar con data límite do 30 de abril de 2017 a seguinte documentación relativa ás accións subvencionadas ata o 31 de marzo de 2017:

1º. Memoria do programa xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con cuantificación e indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, asinada pola persoa responsable da entidade (anexo XI).



2º. Declaración responsable asinada pola persoa representante da corporación local en que se indique que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma (anexo IX), a memoria económica xustificativa (anexo X) e a memoria técnica do programa realizado (segundo o guión establecido no anexo XI).

3º. De tratarse de atención desenvolvida a través de itinerarios de inclusión sociolaboral con acompañamento:

Follas mensuais comprensivas da totalidade da xornada, con expresa mención das horas efectivamente dedicadas ao programa subvencionado asinadas polo traballador/a e a persoa responsable da corporación local.

Formulario de indicadores de execución integramente cuberto e asinado polos participantes para cada actuación. Este formulario poderá substituírse polo expediente con rexistro de actuacións no caso de participantes que realizen un mínimo de seis actuacións das establecidas no artigo 5.2.a). Esta ficha, que está dispoñible a través da plataforma informática, deberá remitirse en formato PDF asinada tanto polo/a técnico/a responsable como polo/a participante.

Certificación de finalización dos itinerarios con indicación dos resultados obtidos a través das accións subvencionadas.

4º. De tratarse de accións desenvolvidas a través do método formativo:

Partes de asistencia onde conste o número de horas de formación, asinados pola persoa participante e o/a responsable/técnico/a da realización da actuación. Nos ditos partes deberán identificarse de xeito veraz as persoas participantes e expresar as horas realizadas diariamente por cada unha delas. Os partes de asistencia a formación práctica non laboral en dependencias dunha empresa deberán conter, ademais, a sinatura do/a responsable na empresa.

No suposto de formación teórica adaptada dirixida á adquisición do permiso de conducción tipo B ou C deberase remitir ademais o proxecto de inclusión sociolaboral da persoa que a reciba. Este documento, que está dispoñible a través da plataforma informática, deberá estar asinado tanto polo/a técnico/a responsable como polo/a participante. A documentación xustificativa da intervención social, no caso de que esta non sexa financiada por



esta orde de convocatoria, será substituída por unha declaración do técnico responsable do programa onde se especifique que a dita actuación se desenvolve no marco dunha intervención social. En todo caso, esta acreditación implicará necesariamente a autorización expresa da persoa usuaria para o tratamento e comunicación dos seus datos de carácter persoal, e a entidade será a responsable de recadar e custodiar a dita documentación.

Certificación de finalización da actividade subvencionada comprensiva da relación de persoas asistentes e do número total de horas realizadas por cada unha delas; no caso de que se percibise a bolsa ou a axuda de desprazamento, farase tamén constar a súa necesidade, a contía percibida por cada persoa e o importe total percibido por ese concepto. Ademais, no suposto de axudas de desprazamento remitirase documentación acreditativa do uso de transporte público interurbano ou certificado da persoa responsable da entidade acreditativo do uso dun vehículo particular.

Formulario de indicadores de execución e de resultado inmediato integramente cuberto e asinado polos participantes para cada actuación.

5º. De tratarse de accións de alfabetización e mellora de competencias nas linguas da sociedade de acollida, e/ou educación e apoio familiar:

Follas mensuais comprensivas da totalidade da xornada, con expresa mención das horas efectivamente dedicadas ao programa subvencionado asinadas polo traballador/a e a persoa responsable da entidade.

Partes de asistencia asinados pola persoa participante e o/a responsable/técnico/a da realización da actuación.

Formulario de rexistro indicadores de execución e resultado integramente cuberto e asinado polos participantes para cada actuación.

6º. No suposto do programa de asesoramento xurídico e de mediación intercultural dirixido a persoas inmigrantes:

Follas mensuais comprensivas da totalidade da xornada, con expresa mención das horas efectivamente dedicadas ao programa subvencionado asinadas polo traballador/a e a persoa responsable da entidade.

Documento Word de seguimento da actuación que se extrae da aplicación de inclusión social.

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcfmm79



Copia da demanda do servizo por parte da persoa beneficiaria e parte horario semanal de atención.

Formulario de rexistro dos indicadores de execución e resultado integramente cuberto e asinado polos participantes para cada actuación.

No caso da mediación intercultural, se é preciso o desprazamento do/a traballador/a para a prestación do servizo, deberá presentarse a documentación acreditativa do uso de transporte público ou certificado da persoa responsable da entidade acreditativo do uso dun vehículo particular.

7º. De tratarse de programas de educación e apoio familiar e de mediación intercultural para a comunidade xitana, deberase remitir, ademais de todo o anterior, a folla de rexistro de actuacións do proxecto de inclusión sociolaboral da persoa que a reciba en formato PDF, e serán aplicables as condicións establecidas no punto anterior en relación co permiso de condución.

3. De toda a documentación sinalada para a xustificación da subvención, neste e no anterior artigos, deberá enviarse un exemplar orixinal ou copia compulsada e outro en formato electrónico ao enderezo de correo que se comunique á entidade, no caso de que sexa requirido.

4. De cara a homoxeneizar a documentación xustificativa, toda a documentación debe presentarse obrigatoriamente segundo os modelos dispoñibles a través da páxina web da Consellería de Política Social, agás aqueles que poidan extraerse da plataforma informática.

5. En todo caso, de non presentarse a xustificación no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela deberase enviar ao número de fax 981 54 56 38, correspondente á Subdirección Xeral de Inclusión e Integración Social, o oficio de presentación da documentación no rexistro co seu correspondente selo de entrada.

Artigo 28. *Pagamento das subvencións*

1. Unha vez xustificada cada anualidade da subvención o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. Na anualidade 2016, no caso de non finalización das actuacións, farase un pagamento á conta da liquidación definitiva en función das accións realizadas. Neste caso, a entida-

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcfmm79



de deberá enviar coa solicitude de pagamento a documentación prevista nos artigos 26 e 27, segundo corresponda.

3. Para facer efectivo o pagamento final, a entidade local deberá presentar a documentación establecida nos artigos 26 e 27, segundo corresponda.

4. O importe de axuda que se percibirá, tanto no caso dos pagamentos á conta da liquidación definitiva como no pagamento final, será o resultado obtido de multiplicar o importe de cada unidade de atención realizada polo número delas efectivamente xustificadas.

5. No caso de atención e intervención social realizada a través de itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral, con persoas de elevada vulnerabilidade á exclusión social e laboral, se non se acredita a atención do número mínimo de persoas establecido en función da dedicación horaria declarada ou non se mantén a porcentaxe de persoas que deben ter realizados seis actuacións, procederase a unha redución proporcional da subvención concedida en función da porcentaxe do incumprimento.

Artigo 29. *Reintegro das subvencións concedidas*

1. Para os efectos de reintegro das subvencións observarase o disposto no título 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no seu regulamento de desenvolvemento.

2. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora devindicados desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obriga de xustificar a realización da actividade.
- b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.
- c) Incumprimento total ou parcial da finalidade para a cal foi concedida a subvención.

d) Incumprimento das obrigas sinaladas na presente orde. Particularmente, acadarán a porcentaxe dun 2 % o incumprimento das obrigas de publicidade e de mantemento da contabilidade separada; dun 10 % se non se comunica a solicitude doutras axudas para a mesma actividade e total, sen prexuízo do correspondente expediente sancionador, se non se comunica a súa obtención.

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wncfesmm79



3. A tramitación do correspondente expediente de reintegro levarase de acordo co procedemento establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para a súa cobranza o previsto no artigo 14.4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, amais do disposto na normativa comunitaria de aplicación.

Artigo 30. *Control*

1. A Consellería de Política Social poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta orde.

2. Sen prexuízo do indicado no punto anterior, a Consellería de Política Social realizará, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados nesta orde. O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a entidade á cal se lle entregará unha copia, e presentará ao órgano competente da Dirección Xeral de Inclusión Social xunto co informe de verificación. A entidade queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.

3. Ademais do anterior, todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e a aquelas outras que determine a súa condición de subvencionada polo FSE 2014-2020.

Artigo 31. *Datos de carácter persoal*

1. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos no ficheiro denominado Relacións administrativas coa cida-



danía e entidades, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento e no ficheiro Xestión de servizos sociais, que ten como obxecto a xestión dos servizos sociais que se prestan desde a consellería e, se é o caso, do expediente clínico, educativo ou social que se xere neste ámbito. O órgano responsable destes ficheiros é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.politicasocial@xunta.gal.

2. Os datos serán incluídos no ficheiro denominado «Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos», creado pola Orde do 31 de marzo de 2016 (DOG núm. 68, do 11 de abril), cuxo obxecto, entre outras finalidades, é a xestión, seguimento, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea. O órgano responsable deste ficheiro é a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a dxfondos@conselleriadefacenda.es

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Inclusión Social a actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Disposición adicional segunda. *Comunicación á Base de datos nacional de subvencións*

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcsmm79



Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento da orde*

Autorízase a persoa titular do órgano de dirección con competencias en materia de inclusión social da Consellería de Política Social para ditar as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2016

José Manuel Rey Varela
Conselleiro de Política Social

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcfsmm79





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA O INVESTIMENTO EN CENTROS DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL E DE PROGRAMAS QUE DESENVOLVERÁN AS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA A INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA, INMIGRANTE E OUTRAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN, COFINANCIADAS PARCIALMENTE POLO FONDO SOCIAL EUROPEO E POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO BS623C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---------------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
ENTIDADE LOCAL							
NIF							
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO			
Nº DE REGISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS							

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDAD DE			

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS BANCARIOS							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
				IBAN			

ACTUACIÓNS PARA AS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN		
Subvención para investimento en centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas, recollidas no artigo 4.1.		
MODALIDADE DE ACTUACIÓN (sinalar 4.1.a) Construcións, ampliación, reforma, mellora, adaptación ou 4.1.b) Adquisición e instalación de equipamento e moblaxe e vehículos)	NOME DO CENTRO (especificar por orde de prioridade)	IMPORTE
1		
2		
3		
4		
5		

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wnfcsmmm79



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO I
(continuación)

PROGRAMAS PARA OS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

Subvención para programas dirixidos á inclusión social da comunidade xitana.

	DENOMINACIÓN DO PROGRAMA, ART. 4.2.a) (especificar por orde de prioridade)	NÚMERO DE PERSOAS USUARIAS PREVISTAS ⁽¹⁾	NÚMERO DE HORAS PREVISTAS ⁽¹⁾	NÚMERO PREVISTO DE FAMILIAS
1				
2				
3				

⁽¹⁾ Para todo o período subvencionable

Subvención para programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante.

	TIPO DE ACCIÓN (sinalar itinerarios e formación, asesoramento e/ou mediación intercultural)	DENOMINACIÓN DO PROGRAMA, ART. 4.2.b) (especificar por orden de prioridade)	NÚMERO DE PERSOAS USUARIAS PREVISTAS	NÚMERO DE HORAS PREVISTAS ⁽²⁾
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				

⁽²⁾ Para todo o período subvencionable

Subvención para programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social.

	DENOMINACIÓN DO PROGRAMA, ART. 4.2.c) (especificar por orde de prioridade)	NÚMERO DE PERSOAS USUARIAS PREVISTAS	NÚMERO DE HORAS PREVISTAS ⁽³⁾	NÚMERO PREVISTO DE FAMILIAS
1				
2				
3				

⁽³⁾ Para todo o período subvencionable

Subvención para Programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos á inclusión social dos menores a cargo.

	DENOMINACIÓN DO PROGRAMA, ART. 4.2.d) (especificar por orde de prioridade)	NÚMERO DE PERSOAS USUARIAS PREVISTAS	NÚMERO DE HORAS PREVISTAS ⁽⁴⁾	NÚMERO PREVISTO DE FAMILIAS
1				
2				
3				

⁽⁴⁾ Para todo o período subvencionable

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas:

- ☐ Non solicitou nin, en consecuencia, lle foi concedida ningunha outra axuda para a realización das actuacións a que se refire a presente solicitude.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a realización das actuacións a que se refire a presente solicitude, que son as que a seguir se relacionan:

AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS PENDENTES DE RESOLUCIÓN

AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS PARA O INVESTIMENTO EN CENTROS DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL E UNIDADES FUNCIONALMENTE VINCULADAS (actuacións do artigo 4.1.)

NOME DO PROGRAMA	ENTIDADE A QUE SE SOLICITA	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período desde que se presenta a solicitude ata o 30.11.2016)	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.12.2016 ata a finalización)





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS PARA PROGRAMAS DIRIXIDOS Á INCLUSIÓN SOCIAL DA COMUNIDADE XITANA (accións do artigo 4.2.a)

NOME DO PROGRAMA	ENTIDADE A QUE SE SOLICITA	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.11.2015 ata o 30.11.2016)	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.12.2016 ata o 31.3.2017)

AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS PARA PROGRAMAS DIRIXIDOS Á INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN INMIGRANTE (accións do artigo 4.2.b)

NOME DO PROGRAMA	ENTIDADE A QUE SE SOLICITA	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.11.2015 ata o 30.11.2016)	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.12.2016 ata o 31.3.2017)

AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS PARA PROGRAMAS DIRIXIDOS Á INCLUSIÓN SOCIAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (accións do artigo 4.2.c)

NOME DO PROGRAMA	ENTIDADE A QUE SE SOLICITA	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.11.2015 ata o 30.11.2016)	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.12.2016 ata o 31.3.2017)

AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS PARA PROGRAMAS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR DIRIXIDOS Á INCLUSIÓN SOCIAL DOS MENORES A CARGO (accións do artigo 4.2.d)

NOME DO PROGRAMA	ENTIDADE A QUE SE SOLICITA	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.11.2015 ata o 30.11.2016)	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.12.2016 ata o 31.3.2017)

AXUDAS CONCEDIDAS

AXUDAS OU SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E/OU OUTROS INGRESOS (DOAZÓNS, COTAS DE SOCIOS, ACHEGAS DE USUARIOS, ETC) A INVESTIMENTO EN CENTROS DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL E UNIDADES FUNCIONALMENTE VINCULADAS (actuacións do artigo 4.1.)

NOME DO CENTRO	ENTIDADE A QUE SE SOLICITA	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período desde que se presenta a solicitude ata o 30.11.2016)	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.12.2016 ata a finalización)





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

AXUDAS OU SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E/OU OUTROS INGRESOS (DOAZÓNS, COTAS DE SOCIOS, ACHEGAS DE USUARIOS, ETC.) PARA PROGRAMAS DIRIXIDOS Á INCLUSIÓN SOCIAL DA COMUNIDADE XITANA (accións do artigo 4.2.a)

NOME DO CENTRO	ENTIDADE A QUE SE SOLICITA	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período desde que se presenta a solicitude ata o 30.11.2016)	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.12.2016 ata o 31.3.2017)

AXUDAS OU SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E/OU OUTROS INGRESOS (DOAZÓNS, COTAS DE SOCIOS, ACHEGAS DE USUARIOS, ETC.) PARA PROGRAMAS DIRIXIDOS Á INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN INMIGRANTE (accións do artigo 4.2.b)

NOME DO CENTRO	ENTIDADE A QUE SE SOLICITA	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período desde que se presenta a solicitude ata o 30.11.2016)	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.12.2016 ata o 31.3.2017)

AXUDAS OU SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E/OU OUTROS INGRESOS (DOAZÓNS, COTAS DE SOCIOS, ACHEGAS DE USUARIOS, ETC.) PARA PROGRAMAS DIRIXIDOS Á INCLUSIÓN SOCIAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (accións do artigo 4.2.c)

NOME DO CENTRO	ENTIDADE A QUE SE SOLICITA	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período desde que se presenta a solicitude ata o 30.11.2016)	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.12.2016 ata o 31.3.2017)

AXUDAS OU SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E/OU OUTROS INGRESOS (DOAZÓNS, COTAS DE SOCIOS, ACHEGAS DE USUARIOS, ETC.) PARA PROGRAMAS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR DIRIXIDOS Á INCLUSIÓN SOCIAL DOS MENORES A CARGO (accións do artigo 4.2.d)

NOME DO CENTRO	ENTIDADE A QUE SE SOLICITA	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período desde que se presenta a solicitude ata o 30.11.2016)	IMPORTE SOLICITADO (contía correspondente ao período do 1.12.2016 ata o 31.3.2017)

2. E comprométome a comunicarlle ao órgano xestor as axudas e subvencións que se obteñan para as actuacións subvencionadas e o período sinalado.
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir coas condicións da axuda.
6. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
7. Non estar incurso/a nas causas de prohibicións previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
8. Que o centro , para o cal se solicita a subvención de mantemento, non ten asinado, mediante calquera das modalidades de contratación administrativa ou mediante convenio, reserva de prazas coa Xunta de Galicia.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

- ☐ Copia do DNI ou NIE da persoa representante, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.
- ☐ Certificación da entidade en que conste o acordo ou resolución da entidade local de solicitar a subvención.
- ☐ Memoria técnica xustificativa do investimento en centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas (anexo II).
- ☐ Documento específico para descrición de programas do artigo 6 dirixido á inclusión social da comunidade xitana (anexo III).
- ☐ Documento específico para descrición de programas do artigo 7 dirixido á inclusión social da poboación inmigrante (anexo IV).
- ☐ Documento específico para descrición de programas do artigo 7.1.m) dirixido á inclusión social da poboación inmigrante (anexo V).
- ☐ Documento específico para descrición de programas do artigo 7.1.n) dirixido á inclusión social da poboación inmigrante (anexo VI).
- ☐ Documento específico para descrición de programas do artigo 8.2 dirixido á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social (anexo VII).
- ☐ Documento específico para descrición de programas do artigo 9.2 complementarios de educación e apoio familiar dirixidos á inclusión social dos menores a cargo (anexo VIII).
- ☐ Compromiso do mantemento separado da contabilidade ou ingreso da subvención concedida.
- ☐ Proxecto de reforma ou adaptación.
- ☐ Informe de viabilidade.
- ☐ Memoria xustificativa da necesidade do equipamento e/ou vehículos de transporte e condicións técnicas.
- ☐ Aprobación do Plan local de integración da poboación inmigrante.

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
☐ Para o caso de xestión compartida de servizos: convenio onde se fagan constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada concello membro da agrupación, con indicación da persoa representante ou apoderada única.	☐			
☐ Para o caso de mancomunidades, consorcios ou áreas metropolitanas: memoria de actuación en que conste unha relación de posibles destinatarios na cal figure o seu empadronamento actual e a sede do servizo onde se lles vai dispensar a atención.	☐			
☐ Memoria de aforro de custos presentada por calquera tipo de agrupación de concellos respecto da presentación individual.	☐			
☐ Capacidade de representación legal da persoa asinante da solicitude naqueles supostos en que sexa distinta daquela que teña o cargo de alcalde/sa, presidente/a da entidade local ou representante da agrupación de concellos.	☐			

Autorizo a Dirección Xeral de Inclusión Social, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorrerón máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Dirección Xeral de Inclusión Social para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

☒ SI ☐ NON (neste caso achegárase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informásemelle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.politicasocial@xunta.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2016/17 cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Dirección Xeral de Inclusión Social





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO II

MEMORIA TÉCNICA XUSTIFICATIVA DE INVESTIMENTO EN CENTROS DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL E UNIDADES FUNCIONALMENTE VINCULADAS

(actuacións do artigo 4.1 da orde de convocatoria)
(deberá achegar un anexo II por cada actuación para a que se solicita subvención)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

FICHA DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

TIPO DE CENTRO PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

IDENTIFICACIÓN (NOME) DO CENTRO E PERSOA RESPONSABLE

NÚMERO REXISTRO ENTIDADES

MODALIDADE DE SUBVENCIÓN
☐ PARA INMOBLES:

☐ CONSTRUCCIÓN

☐ AMPLIACIÓN

☐ REFORMA/MELLORA

☐ ADQUISICIÓN

☐ EQUIPAMENTO E MOBLAXE:

☐ ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO E MOBLAXE

☐ ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO DE TRANSPORTE

DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO

XUSTIFICACIÓN E NECESIDADE DO INVESTIMENTO. DESCRICIÓN DA APLICACIÓN NO SEU DESEÑO DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

IMPACTO SOCIAL ESPERADO
XUSTIFICACIÓN DA COMPLEMENTARIEDADE DO SERVIZO QUE SE VAI PRESTAR

Nº DE PERSOAS DESTINATARIAS POTENCIAIS RESIDENTES NO TERMO MUNICIPAL





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO II
(continuación)

COORDINACIÓN DO PROXECTO QUE SE VAI DESENVOLVER CON OUTROS AXENTES DO TERRITORIO

--	--	--

	DESDE O MOMENTO DA SOLICITUDE ATA O 30.11.2016	DESDE O 1.12.2016
ORZAMENTO TOTAL DO INVESTIMENTO	€	€
ORZAMENTO SOLICITADO	€	€
DATA DE FINALIZACIÓN DA ACTUACIÓN SOLICITADA		

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--




FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unión europea de hacer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES
Y CONSUMO



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO III

DOCUMENTO ESPECÍFICO PARA A DESCRICIÓN DE PROGRAMAS DO ARTIGO 6
DIRIXIDO Á INCLUSIÓN SOCIAL DA COMUNIDADE XITANA (cubrir un para cada programa solicitado)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

FICHA DE DESCRICIÓN DO PROGRAMA

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE SOCIAL E DESCRICIÓN DA APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

LOCALIZACIÓN TERRITORIAL (sinalar a localidade en que se teña previsto realizar cada unha das accións previstas no programa)

OBXECTIVOS E DESCRICIÓN XERAL DO PROGRAMA

DESCRICIÓN DO CONTIDO E DESCRICIÓN DA APLICACIÓN NO SEU DESEÑO DA PERSPECTIVA DE XÉNERO (incluírá o/s obxectivo/s xeral e específico/s de cada unha das accións programadas e, se é o caso, as unidades didácticas das accións formativas)

DESCRICIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

RECURSOS HUMANOS (especificar titulación e dedicación horaria do persoal asignado a cada acción solicitada)

INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO PRECISO (especificar, no caso de solicitude de varias accións formativas, cal/es precisan de equipamento especial)

Necesidade de equipamento especial? (só para accións formativas) ☐ SI ☐ NON

CVE-DOG: anz8vb54-wez9-zsw9-yzx8-02wncfesmm79



XUNTA
DE GALICIA

